

ct

# Nome: Bonita

de  
Vanesa Sotelo

*(fragmento)*  
*en galego*

## ELVIRA E LUÍSA

## ALMA

Por que nos envelenaron tanto? Sae o sol e na carballeira non quedan árbores en pé. A súa resina é como o sangue. Pégase ás mans. A súa presenza non se borra. Non era preciso chegar ata aquí pero foi preciso. Quen transforma o pensamento en odio? Estou aquí. Estou aquí no medio da felicidade contemplando a dor. Non era preciso chegar ata aquí. Pero foi preciso. Non era preciso vir ata aquí para entender. Pero era preciso chegar ata aquí para ver. Hai un tempo para todo. Hai o tempo das árbores e o tempo das estrelas. Hai un tempo para o silencio. Hai un tempo para a escuridade. Hai un tempo para contemplar a luz que aínda loce e que xa non está. Hai un tempo para saber e hai un tempo para sandar. Non hai tempo para esquecer. Ese tempo non existe.

## O DRAGO

*Vigo. Ano 2004.*

EDUARDO  
Que ves?

ALMA  
Aínda non o sei.

EDUARDO  
Non sempre hai metáforas.

ALMA  
O que non hai sempre son lectores de metáforas.

EDUARDO  
Mágoa que caera.

ALMA  
Ten algo. Está dicindo algo. Con todas esas novas raíces buscando a terra. Viches como sangra?

EDUARDO  
Nunca vira unha resina tan vermella.

ALMA  
Eu si. Pensei que non se adaptaría aquí.

EDUARDO  
En realidade, non se adaptou.

ALMA  
Non se adaptou porque caeu.

EDUARDO  
Caeu porque non se adaptou.

*Silencio.*

EDUARDO  
Que vas facer?

ALMA  
Reforzar a base. Dez anos atado e, tal vez, recupere.

EDUARDO

É increíble como para ti todo é relativo.

ALMA

Sempre pensei que a raíz era para agarrarse á terra. Para este drago as raíces serven para buscala.

EDUARDO

Estou falando do tempo que vas pasar fóra.

ALMA

Máis de 600 anos.

EDUARDO

Alma...

ALMA

Un drago pode vivir máis de 600 anos.

EDUARDO

Non estou falando de árbores.

ALMA

E cantos anos ten a Terra?

EDUARDO

Estou falando de nós.

ALMA

E canto tempo leva a humanidade sobre a terra?

EDUARDO

Estou falando de nós que non imos vivir máis de cen anos.

ALMA

Para min todo é relativo porque todo é relativo.

*Silencio.*

ALMA

an ser tres meses.

EDUARDO

O proxecto global é de tres anos.

ALMA

Por quen non queres que vaia?

EDUARDO

Quero que vaias pero non agora.

ALMA

Tanto tempo desenvolvendo o proxecto e agora non queres que vaia.

EDUARDO

Non quero que esteas lonxe agora.

ALMA

Van ser tres meses.

EDUARDO

O proxecto global é de tres anos.

ALMA

Xa estivemos meses lonxe.

EDUARDO

E agora eu estou aquí.

ALMA

Vou estar contigo.

EDUARDO

Pero non vas estar ao meu lado.

ALMA

Non vou estar aquí. Pero estarei ao teu lado. Xa estivemos meses así.

EDUARDO

Para vivir contigo deixei a Paula en Bélxica.

ALMA

Coa súa nai.

EDUARDO

Coa súa nai. Noutro país. E agora estou aquí contigo.

ALMA

E agora estás aquí comigo.

EDUARDO

E ti vas marchar.

ALMA

Vou traballar.

EDUARDO

A Brasil. E eu quedo aquí.

ALMA

Podes vir comigo. Vou ao teu país.

EDUARDO

Acabo de conseguir un traballo. Aquí. Contigo.

ALMA

Podes vir comigo.

EDUARDO

Non vou volver estar a dez mil quilómetros de Paula.

ALMA

Nós xa estivemos a dez mil quilómetros.

EDUARDO

E agora estou aquí.

ALMA

Non me vas perder.

EDUARDO

E se me perdes ti?

ALMA

Dez anos, cinco meses, tres minutos...unha frase e o tempo faise relativo.

EDUARDO

Ti fas que todo sexa relativo.

ALMA

Non vou desaparecer. Pero non podo quedar aquí.

EDUARDO

Por que?

ALMA

Non sei. Xa non esperaba que aceptaran o proxecto pero aceptárono e non podo quedar aquí.

*Silencio.*

EDUARDO

Falaches con Gabriel?

ALMA

Vereino cando chegue a Río.

EDUARDO

Que di túa nai?

ALMA

Lucía segue sen falar.

EDUARDO

Intentaches falar con ela?

ALMA

Ela segue sen falarme.

EDUARDO

Ti sempre sabes o que hai que facer.

ALMA

Sei o que teño que facer.

EDUARDO

Alma, eu quérote.

ALMA

Eu tamén.

EDUARDO

Por iso non mo dis nunca.

ALMA

Por iso non cho digo.

EDUARDO

E agora marchas.

ALMA

E agora marchas.

EDUARDO

E debo entender a metáfora?